

Foguetes verdes

Blog de Ramón Rozas

<https://ramonrozas.blogspot.com/2019/02/o-xiro.html>

O xiro

Foguetes verdes (15)

As palabras de Noelia Gómez móvense no aire coma estorniños, dando voltas nunha trama na que desprazarse é recoñecerse, pero, sobre todo, recuperar ese eixo polo cal somos o que somos




COMO BULEN os poemas nas mans. O proído da palabra é unha rañeira neses dedos que suxeitan o eixo en que se converte o poemario de Noelia Gómez (Rianxo, 1995). Si, 1995, leron ben, e aquí un primeiro poemario de longo alento, abraiante nas súas posibilidades, pero, sobre todo, que nos coloca ante o que queda atrás. Unha

aprendizaxe que para alguén tan novo non tivo que ser sinxelo, pero para os lectores é unha descuberta ao adentrarnos alí onde moitas veces non queremos estar, pero que dende a palabra convértese nun salvoconducto ao que somos.

Pais, terra, traballo, medo, crecemento, infancia... son palabras que xeran a luz como unha dinamo. Son as pegadas dun tempo que se vai superando no físico, pero que na alma queda coma unha faísca prendida no corazón. A pel sente a beliscadura cada vez que os ollos se moven por estas palabras, cada vez que se suben a ese xiro por un eixo do que afastarnos en certos momentos pero ao que necesariamente temos que voltar para que todo teña un sentido. Esas distancias, variábeis, volúbeis, son as que conforman o noso espazo, as que se enchen de espiñas, de sede, de rabuñadas, de olores... de novo as palabras balizando o camiño feitas o compás que sinala direccións, pero sobre todo sentimentos. Non é sinxelo facer da poesía un recipiente de sentimentos, sensacións, si, moitos o conseguen, pero o sentimento é outra cousa para ser traducido pola palabra e depositado nese fondo ao que asomarnos. Noelia Gómez acada esa xesta unha e outra vez, con poemas máis pequenos, outros maiores, cunhas poucas liñas, pero onde sempre manda a palabra. Esa palabra é o mellor contedor, «a escrita vence naufraxios», escribe a poeta, esa victoria é a nosa, a do colectivo, a de quen ten na poesía o salvavidas preciso que de cada cando en cando chega ata nós. E este libro é dos que chegan movidos polo vento, como aquela bolsa que no filme

'American Beauty' era unha exaltación da beleza do cotiá, da mirada arredor do inesperado. Dese mesmo xeito este poemario é unha mirada cara a beleza da palabra, cara a beleza da poesía como termómetro. As súas palabras son coma estorniños que van de aquí a alá, chíos que rachan o silencio do aire, o silencio dese tempo que se pousa as nosas costas, porque ao fin e ao cabo este poemario é un caderno do crecemento, do paso á idade adulta, de como renunciámos a unha infancia que sempre será alas no noso interior, nese interior cheo de silencio.



Gústame o símil que se fai nun dos poemas cunha escultura de Calder, o certo é que así somos, seres pendurados, movéndonos en diferentes direccións. Equilibrios rotos por como a vida fai que nos movamos, por como sopra o vento, por tantas e tantas cousas: o lugar que habitamos, os baleiros, as preguntas, a nostalxia, o olor das

madeiras, as mans do avó, ser muller. Todo iso ten a súa comprensión grazas á palabra e a súa capacidade para impulsarse do chan e poñernos nese punto elevado dende o que ollar o que somos. «A escrita como elevación», di Noelia Gómez, pero o certo é que a poeta fainos gabear as árbores da memoria para descifrar ese silencio que medra dentro de nós e constrúe un poemario que, como unha casa, ten diferentes estancias polas que facernos pasar.

Un debut marabilloso que acadou o V Premio de Poesía Gonzalo López Abente e que non deixará de engaiolar ao lector ante esa capacidade por facer da palabra un paxariño que voa en liberdade, tal e como nos gustaría facer a nós mesmos evitando as sucesivas gaiolas que a vida pon arredor de nós. «Os paxaros desprázanse en círculo para que comprendamos/nacemos suxeitando a morte».